

ANUNCIO Rectificador de información pública sobre emprazamento de persoal.

Ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, procédese a rectificar os seguintes erros detectados de oficio no anuncio de información pública sobre emprazamento de persoal para os recursos contencioso-administrativos nºs 227, 230, 231 e 223/2014, debendo quedar redactado do xeito seguinte:

“Tendo sido presentados recursos contenciosos-administrativos por D. Dámaso Pena González nº 228/2014 p.a, por Dª Úrsula Comesaña Ambrosio nº 230/2014 p.a., e por Dª Paula Davila Granada nº 231/2014 p.a., contra o acordo da XGL de data 23/05/2014, desestimatorio dos recursos de reposición formulados contra as bases específicas para a provisión de 23 prazas de Policía Local, correspondentes á Oferta de Emprego Público dos anos 2010-2011, que se está a tramitar perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Vigo, pola presente, e para os efectos da publicidade esixida polo artigo 47.2.º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, na redacción dada pola Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesal, procédese a emprazar aos posibles interesados que desexen comparecer nos procesos indicados.”

Vigo, 27 de outubro de 2014

Carlos López Font
Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal